

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 15 DE ABRIL DE 1996.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día quince de Abril de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 8 de Abril.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

**3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-**

Visto escrito de Don Eugenio Sobrino Chousal, veciño de San Paio, no que interesa información urbanística para futura construción dun galpón no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos do Concello: "No emprazamento de referencia e na parte posterior da finca edificouse un galpón.- Si se trata dun galpón novo, este non poderá ter máis de 50 m2,

o seu uso será agrícola, deberá retranquearse tres metros das propiedades colindandes salvo autorización expresa dos colindantes e por escrito, retranqueándose así mesmo na súa liña frontal catro metros do cerramento actual.- Solicitará licencia para a execución desta obra".

Visto o escrito de Don Antonio Domínguez Rosendo, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Avda. Redondela, 22, no que interesa se rectifique acordo desta mesma Comisión no que se lle concedía licencia para acometida de agua para este mesmo domicilio, cando na realidade era para o inmovble sito no nº 18 da rúa Rodríguez de La fuente, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, accede o solitado, tendo en conta que deberá aboa-la cantidade de 7.000 pesetas polo devandito enganche e nas mesmas condicións ca anterior.

Visto o escrito presentado por Don Raúl Fernández Formoso, veciño de Ourense, con domicilio na rúa Emilia Pardo Bazán, 9, 6º C, na representación da Comunidade de Bens Irmáns Fernández Docampo, que contén recurso de reposición contra acordo cadado por esta mesma Comisión na súa sesión ordinaria do 4 de Marzo pasado, no que se prestaba aprobación á liquidación provisional practicada ós efectos do Imposto de construcións, instalacións e obras por importe de 1.196.254 pesetas para a execución da obras, consistentes na construción dun inmovble para locais e vivendas sita no nº 27 da rúa Ribeiro desta Vila e, tendo en conta que o presuposto que consta neste Concello para execución da devandita obra sufriu unha minoración ó presentarse anexo de reforma de baixo e catro plantas segundo se acredita mediante un informe do Arquitecto autor do proxecto visado polo seu colexio profesional, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade e tendo en conta a documentación aportada acorda, acepta-lo devandito recurso polo que, practica unha nova liquidación provisional ós efectos do imposto de construcións, instalacións e obras desta licencia, o cal importe é de 987.139 pesetas.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, toma coñecemento dos seguintes:

Da Farmaceutica titular, resultados das análises mínimas das augas potables de consumo público do abastecemento de Ribadavia e Santa Cristina.

Da Farmaceutica titular, partes quincenais de cloración da auga de abastecemento de consumo publico de Ribadavia e Santa Cristina.

Da Consellería de Cultura, autorizando ó arqueólogo Don Carlos Rodríguez López para a realización dunha prospección arqueolóxica para o estudo do impacto sobre o patrimonio arqueolóxico da concesión da explotación que se deriva do permiso de investigación "Man de Moura" nº 4553 para tres cadrículas mineiras "Man de Moura I".

Do Goberno Civil, comunicando resolucións en relacións cos expedientes seguintes: 80/96, 84/96, e 81/96.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura relativa ó quilometraxe presentada por Don José Manuel Deaño Carballal, correspondente ó mes de Febreiro pasado, por importe de 21.048 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación a sinatura do Convenio de colaboración polo que o Centro de Estudos Medievais facilita unha persoa para a atención de visitas guiadas no servizo de información turística do Concello de Ribadavia para os meses de Xaneiro, Febreiro e Marzo de 1996; comprometéndose coma contraprestación este Concello, a aboar por dito servizo a cantidade de 75.000 pesetas.

Examinadas as liquidacións do Imposto Municipal do Valor dos terreos de Natureza Urbana practicadas pola Intervención, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ás que de seguido se relacionan: Expte. 2/96 por venda de inmovible a Don Francisco Díaz Vázquez, con domicilio na rúa do Progreso, 34, 1º, por importe de 401.018 pesetas.

#### **PREGO DE CONDICIONS QUE REXERAN NA CONTRACION DOS SERVICIOS DA RENOVACION PADROAL 1996.-**

A Comisión de goberno, en cumprimento do disposto na disposición transitoria única da Lei 4/1996, do 10 de xaneiro, aproba por

unanimidade a contratación por procedemento negociado sen publicidade por razón de contía da prestación de servicios para a realización da renovación padroal 1996.

Asemade, a Comisión de goberno, aprobou o prego de condicións que rexerán a devandita contratación.

Prego de condicións polo que se rexe a contratación de 5 axentes censais para a prestación do servizo de renovación padroal 1996 do Concello de Ribadavia.

**1 .- Obxecto do contrato.-** A realización dos traballos técnicos precisos para proceder á renovación padroal do Concello de Ribadavia.

**2.- Forma de adxudicación e carácter do contrato.-** E o procedemento negociado sen publicidade, de acordo cos artigos 74, 209 e 211 da Lei 13/95 do 18 de maio.

Os adxudicatarios non adquirirán a condición de funcionario, nin a súa relación co Concello será laboral, entendéndose este contrato a tódolos efectos como contrato administrativo deservicios.

**3.- Duración do contrato.-** O presente contrato rexerá durante o período comprendido entre os meses de maio a xuño de 1996.

**4.- Prezo do contrato.-** E de 150.000 pesetas e quilometraxe por axente, no que se inclúen tódolos impostos, especialmente o IVE.

**5.- Proposicións.-** Admitiranse proposicións durante 7 días naturais a partir da publicación do presente prego no taboleiro de anuncios do Concello, no rexistro xeral do Concello de 9 a 14 horas.

As proposicións completaranse coa fotocopia do documento nacional de identidade e o título de bacharelato superior.

**6.- Capacidade para tomar parte no concurso e requisitos dos aspirantes.-** Poderán tomar parte neste concurso as persoas que, encontrándose en plena posesión da súa capacidade xurídica, non estean comprendidas en ningún dos casos de excepción contemplados pola lexislación vixente.

**Requisitos:** Título de bachillerato e carné de conducir B- I.

**7.- Méritos para valorar:**

- Experiencia anterior na realización de traballos relacionados co Padrón de Habitantes.
- Coñecemento do idioma galego.
- Coñecemento do municipio.

**8.- Normas do contrato.-** Paro todo o que non estea establecido no presente prego de condicións, estarase ó disposto na Lei 13/95, do 18 de maio, no RDL 781/86, do 18 de abril e demais normas concordantes e complementarias.

Modelo de proposición.

Don/a ... con DNI nº ..., con enderezo en ..., informado do anuncio e Prego de Condicións que rexen na contratación por procedemento negociado sen publicidade por razón de contía de prestación dos servizos de renovación padroal 1996 para a contratación de 5 axentes censais, comprométome a presta-lo servizo pola cantidade de ... (en letra e número) pesetas impostos incluídos, e a tal efecto acompaño a documentación esixida.

Asemade, declaro baixo a miña persoal responsabilidade non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para optar ó presente concurso.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non se formularon.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.